




**Preto de 200 artistas participarán en 'Vai de Camiño'.** O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, e o xerente da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobea, Ignacio Rodríguez, presentaron en Santiago a segunda edición de *Vai de Camiño 2007*, un programa cultural no que este ano intervirán 181 artistas galegos en 112 con-

cellos. Música, maxia, danza, marionetas, contacontos, pasadás e outros espectáculos encherán de actividades entre o 1 de xuño e o 29 de setembro as cidades e vilas de todos os concellos polos que pasan as distintas rutas xacobees. Fernando Blanco destacou que a programación será moi variada para dar cabida a todo o panorama actual galego. > Otto / AGN



Jucal na sede do punto limpo. > Lv

#### FERROL

#### Juan Juncal visitou o novo punto limpo

O alcalde de Ferrol, Juan Juncal, realizou onte unha visita ás instalacións que albergan o novo punto limpo do concello. O novo espazo conta cunha extensión de 300 metros cadrados e está acondicionado para a recepción e recollida de residuos procedentes de domicilios. Ademais, dará traballo a dúas persoas discapacitadas.

#### FERROL

#### Aprazado o traspaso do Hospital Militar

O Ministerio de Defensa e o Servizo Galego de Saúde (Sergas) aprazaron a firma do convenio do uso compartido do Hospital Naval de Ferrol ata despois das eleccións, co obxectivo de "non interferir" no proceso electoral. A firma estaba prevista para onte.

## Un tesouro escaso

Galicia conta hoxe con 49 especies de flora, oito invertebrados, dezaseis vertebrados e un mamífero en perigo de extinción

#### Lv / Axencias

Galicia conta con 49 especies de flora en perigo de extinción, ademais de oito invertebrados, dezaseis vertebrados e un mamífero, o oso pardo. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou un decreto da Consellería de Medio Ambiente polo que se regula o Catálogo de Especies Ameaçadas.

Nesta relación figuram tamén as poboacións "vulnerables", entre as que figurán 64 de flora, oito de invertebrados e 48 vertebrados, tales, doce mamíferos. O decreto regula o catálogo creado por unha Lei de 2001, coa finalidade de "evitar a perda da diversidade biolóxica en todas as súas formas".

Na norma, ademais da catalogación, abórdanse outros aspectos, como a cría en catividade, a posesión das especies catalogadas, o seu aproveitamento ou as infraccións e sancións cometidas contra as especies, subespecies e poboacións incluídas no catálogo.

Precisamente para protexer unha destas especies que están en perigo, o oso, a Confederación Hidrográfica do Norte e a Fundación Oso Pardo asinaron un convenio de colaboración para mellorar o seu hábitat nas cabeceiras dos ríos.



O oso é un dos mamíferos que está en perigo de extinción na comunidade galega. > Lv

#### O fin é recuperar o oso

**Unha das primeiras** accións que levarán a cabo será a vixilancia do seu hábitat nas cabeceiras das concas. **A educación**, a través de charlas en centros escolares, excursións simbólicas e labores de limpeza en montes e ríos completan o programa

Guillermo Palomero, presidente da Fundación Oso Pardo

## O Sergas di que hai conflitos na Sanidade porque agora hai diálogo

#### Lv / Axencias

O director xeral da División de Recursos Humanos do Sergas, Antonio Fernández Paniagua, reduciu a "cuestións económicas" a fin da negociación da carreira profesional do persoal non sanitario e técnicu superior e xustificou os conflitos no ámbito sanitario debido a que por primeira vez "se está a negociar".

Así o manifestou Paniagua onte na Comisión de Sanidade, en resposta a unha pregunta formulada polo deputado do Grupo popular Miguel Santalices, quen se interesou polo "alto grao de conflictividade" do sistema sanitario.

Santalices explicou que existen conflitos porque "por primeira vez estase a negociar" con todos os axentes sociais.

## Os celíacos terán un menú axeitado á súa doença nos hospitais galegos

#### AGN Beatriz Vila

A directora xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde (Sergas), Ana Fernández Pulpeiro, asegurou que impulsará a información sobre a enfermidade celíaca entre o persoal dos hospitais, tanto enfermeiros como de servizos, co obxectivo de adecuar os menús para este colectivo.

A directora xeral de Recursos Económicos explicou que os menús para este colectivo nos hospitais "están protocolizados" e estudiados con dietistas, e en relación coa patología pola cal ingresan, tal e como ocorre co resto de pacientes.

No entanto, considera Fernández Pulpeiro que "temos que facer melloras" para "evitar fallos" e "deficiencias" no proceso de elaboración.